



“ALFONSO BLANCO TORRADO E O XERMOLAR DA CULTURA POPULAR EN GUITIRIZ”

xermolos@xermolos.org

Palabras recollidas por

Xoel Gutiérrez

Máster en Investigación educativa

xoelinho11@gmail.com

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 34-39

En bastantes vilas pequenas e medianas de Galicia na década dos pasados anos setenta naceron dinámicas asociacións culturais que viñeron sendo espazos de promoción do patrimonio e da cultura galega, escolas de cidadanía democrática e talleres de educación popular. Fixérono da man de militantes nacionalistas e tamén con frecuencia da man de sectores críticos da Igrexa católica coordinados a través dos chamados Coloquios de Parroquias. Este foi o caso do nacemento de Xermolos en Guitiriz, baixo o impulso, entre outras persoas, de Alfonso Blanco Torrado, a quen entrevistamos nestas páxinas.

Ser fillo de emigrantes pode espertar nun cativo un espírito crítico e de loita contra o atraso cultural e social de Galicia?

Teño falado moito deste tema con Pepe Neira Vilas, que se transformou na emigración nun cidadán comprometido co seu pobo. Eu vin de pequeno para aquí, pero a maior parte da miña familia quedou na outra ribeira do Atlántico; a min fíxome máis crítico e máis comprometido co país porque na adolescencia pensaba volver a América e traballar alí pero, ao ir descubrindo o atraso económico e cultural de Galicia, decidín quedarme a traballar aquí. Meus avós, cando me botaron do Seminario de Santiago por ser "galeguista", nos primeiros anos setenta, querían que fose con eles para América, pero daquela aínda comprendín mellor que aquí había moito que labrar en moitas agras: a fala, o desenvolvemento rural, o compromiso da igrexa cos máis febles... Por outra banda, vivir acotío o drama dunha familia separada polo Atlántico faiche sufrir o atraso dun país incapaz de soste-lo aos seus fillos/as que teñen que emigrar.

Na súa época de estudante xa loitaba pola defensa das liberdades, liderando o peche estu-

dantil do seminario de Santiago de Compostela no comezo dos anos setenta. Que cambios reivindicaban?

Abrir as portas e fiestras do seminario ao aire fresco das minorías críticas que estaban a marcar un cambio social dende as revoltas do 68. Un ensino menos dogmático e máis axeitado ás inxerencias de Galicia, aos problemas reais. Buscábamos máis relación con estudantes doutras facultades e, á marxe da dirección do seminario, tiñamos xuntanzas con futuros mestres, médicos/as, economistas... co obxectivo de traballar despois en equipo unha vez xa destinados a unha comarca; queríamos empregar dinámicas multidisciplinares para procurar a liberación do noso pobo. Esta formación en grupo levábanos a tratar en común as inxerencias máis vitais que estaban ausentes nos programas oficiais: a dimensión socio-política, afectivo-sexual etc.

Ese afán reivindicativo non mingua e, dende a Universidade de Salamanca, como Delegado de Facultade, asiste a moitas xuntanzas en prol das liberdades cívicas. Que ideas, esperanzas, proxectos... se maxinaban nestas reunións?

Ao ser expulso do Seminario de Santiago incorporeime á diocese de Mondoñedo, onde estaba o recordado bispo Miguel Araújo, pasei á Universidade Pontificia de Salamanca e alí uníme aos estudantes nacionalistas galegos xa organizados. Reivindicamos as liberdades, un estado laico, os dereitos de asociación, expresión, afiliación política etc. Como delegado da Facultade de Teoloxía mandamos un documento aos bispos solicitando a ruptura cun réxime asoballante e torturador, o que trasladei nunha conversa ao Cardeal Tarancón... As reivindicacións ían acompañadas de debates e relatorios con algúns representantes de parti-

dos e sindicatos na clandestinidade, da publicación de follas informativas e libros a multicopia prohibidos polo franquismo, coma *A revolución sexual*, de W. Reich, ou *A pedagogía do oprimido*, de Freire.

Os estudantes galegos tiñamos unha organización e un voceiro (*O Sacho*) para coñecer mellor a realidade do país e reivindicar os nosos sinais de identidade. Publicamos suplementos a multicopia d'*O Sacho*, coma "Cristianismo e Socialismo" e libros de Paulo Freire, ás veces perseguidos polas forzas policiais.

Fixemos, con outros sectores estudiantís, folgas para ser escoitados polas autoridades da Universidade e bispos... A nosa lectura da mensaxe de Xesús de Nazaré, na compañía do paúl Francisco Carballo, que alí estaba, urxíanos a loitar contra a inxustiza e represión da ditadura, e a unirmos aos que loitaban pola igualdade e a liberación.

A primeira tirada d'*O Sacho* (1972) desenvolvía temas asignados por anónimos e pseudónimos, obrigados pola represión vixente, e a proclama: "Queremos, podemos": "A sorte do noso pobo, está nas nosas mans. Podemos romper as cadeas. Podemos: temos conciencia delo. Temos número, temos técnica, temos ciencia, temos profecía, temos prospectiva. Só nos resta querer de verdade. Ser sabios, profetas, homes de carraxe... Adiante, galegos, podemos e venceremos. Teñamos seguridade na boa fin desta obra que nos piden as mulleres e os homes de Galicia, e que esixe o noso corazón... Un órgano de expresión de todo aquel que teña que dicir algo, que sirva para coñecernos, concienciar-nos e que sexa un reflexo, primordialmente, dos problemas galegos. Ten necesidade da colaboración de todos, para que non caia nun dirixismo, e sexa expoñente claro do pensamento do grupo. Para isto necesita

a revista da crítica, xa que dela xurdirán novos abrentes”.

Pola banda estudantil, o seu espírito reivindicativo xuvenil tiña a influencia directa ou indirecta dalgún movemento social, personaxe, referente...?

Un referente era a dinámica pedagóxica de Paulo Freire e sentíame identificado, coma outros, coa Teoloxía da Liberación latinoamericana, pero máis ben colaborei a construír plataformas de accións conxuntas dende moi novo porque as sentía necesarias para o crecemento de cada persoa no colectivo no que convive.

Así, en Salamanca quixemos manter os vencellos con compañeiros de acción e compromiso da anterior etapa en Compostela e convocamos unhas “Xuntanzas de estudantes”, aproveitando as vacacións en Galiza, para analizar cuestións vitais do país: economía, pensamento, socioloxía... O traballo en grupo era o eixe daquela estratexia, sempre aberta a outras/os. Antes de xuntarnos, adoitabamos enviarnos esquemas e resumos das intervencións. No 72, Alfonso Magariños introduciunos dende Vigo na “Metodoloxía da acción rural e agrícola”: desenvolvemento comunitario, cooperación, cultura popular, educación de adultos.

Estabamos a crear unha sensibilidade que despois, no destino de cadaquén, axudou a implicarnos en accións puntuais, onde o que primaba era empurrar unha formación total da persoa. Xuntabámonos estudantes no país, nun período importante da construción das persoas como é a mocidade, para despois traballar pola dignidade de Galiza. O primeiro encontro foi en Santiago con Ramón Piñeiro, Xaime Illa, e outros... Un “órgano informativo” publicaba as novas trimestrais e os eixes de estudo dos equipos de traballo e análise: “emigración”, “os ho-

mes do mar”, “educación dende Paulo Freire”, “literatura”, “música”... Máis de 30 estudantes que se dividían en grupos para reflexionar sobre todo isto.

O traballo en común era o manancial de toda esta análise cotiá, que revertería nas xuntanzas de Galicia. Os obxectivos xa viñan enxergados en experiencias semellantes en Santiago, como lemos na primeira folla informativa: “procuramos facer uns grupos de unión e de amizade, como condición indispensable, para traballar o día de mañá, sen queimarnos antes de tempo. Facémolo dende unha dobre perspectiva: dende o estudo e dende a realidade da nosa xente; dende o presente e cara ao futuro. Para isto hai que ter presentes máis ca uns métodos que nos poidan separar, uns fins que nos axunten”. A segunda xuntanza foi no 73, nos Milagres, en Ourense sobre “Fe e compromiso na Galiza de hoxe” e a “Metodoloxía de acción de grupos”.

E xa, a derradeira xuntanza, sobre a “Economía rural galega”, o 21 de Nadal de 1973, frustrada, en parte, polo atentado a Carrero Blanco, o día anterior... Asegurado un local (de Cáritas) mantivemos a xunta minguada, polo caos e medo que se respiraba no país. O guieiro daquel encontro era Xosé Manuel Beiras.

A finais de 1976 “Xermolos” comeza a súa andaina en plena transición política. Como e por que xorde a asociación?

No retorno a Galicia vin, logo de ordenarme crego, para a parroquia de Guitiriz e alí naceu Xermolos. Fíxoo coma unha canle de expresión, creatividade e acción da mocidade cansa de ser *ninguneada* na sociedade como se fosen menores de idade. A través de Xermolos crearon as súas propias festas e actividades, fieis ás raíces e á cultura do

país, e abertos a colaborar con todas/os. De feito, ao comezo chamábanse “Raíces e Cañotos” porque a mocidade quería que fose un camiñar á par: adultos, nenos/as e mozas/os.

Fronte á imposición dunha música e cultura alleas estabamos a promocionar a nosa, coa que Xermolos quería remover unha sociedade debilitada pola rutina, por falla de incentivos para un sector da poboación. Xermolos constatou que non se podía desprezar aquel manancial de vida, de natureza, que é a paisaxe de Pardiñas, as súas augas vivas, facendo festa dun xeito simple, sen vivilas con toda a enerxía do mundo. E con esta intuición naceu o Festival de Pardiñas, grazas a unha mocidade que quería ser activa, que non querían ser uns convidados de pedra. Que eran capaces de cambiar a inercia por unha transformación sociocultural, organizando unha asociación que concibía as artes coma unha ferramenta de paz, diálogo, tolerancia, entre as xeracións, os pobos, os distintos xeitos de ollar a vida, Xermolos deuse conta de que a sociedade estaba desperdiciando toda a enerxía da mocidade.

Con que apoios e con que atrancos se atopou a asociación nos seus 40 anos de traxectoria?

Son moitos os atrancos polo feito de traballar dende a liberdade sen casarnos coas institucións, partidos, capital etc. pero sempre ao servizo do pobo. Somos dos que pensamos que a cultura non pode ser servil con ningún amo, aínda que si debe desenvolver a súa capacidade crítica contra toda opresión. A nosa experiencia denuncia ese mercadeo das subvencións, buscando os votos e a pasividade dos colectivos sen ter en conta o ben común do pobo e a pluralidade da sociedade.

Lembro algunha etiqueta coa que nos acusaban na rúa: “os

do pobo”, cando nacemos, e xa adultos: “os de Xermolos son moi seus”..., penso que son xuízos que nos definen dende outras olladas...

Que diferenzas encontra entre o medio rural de onte e o de hoxe?

Hoxe o problema máis grande é a despoboación e a falla de servizos no rural debido aos recortes en saúde, educación, infraestruturas... pechando as portas ao seu desenvolvemento. Hai corenta anos había máis comunicación e traballos en común na veciñanza. Agora somos menos e máis illados.

Como valora a contribución da asociación no ámbito educativo? Como describe o labor educador de “Xermolos” ao longo destes anos e na actualidade?

A educación é unha tarefa que endexamais remata, tanto a nivel individual coma social, e así estamos sempre axudando a

implicar as persoas no colectivo como un espazo para medrar en sabedoría e no desenvolvemento dos recursos e calidades; así actualmente incidimos na autoestima, no aprecio pola nosa fala, na análise dos problemas socio-políticos etc. Tivemos experiencias concretas de ensino, coma a educación de adultos preparando para as probas de graduado e levándoos a examinarse a Lugo. Tivemos unha Escola Social Rural con sesións en varias parroquias: medicina para andar pola casa, educación social ou cooperativismo. Cando nas aldeas non había ensino para os menores de 6 anos colaboramos con Preescolar na casa xuntándonos con nais e pais co material axeitado. Temos convocado cursiños sobre o noso idioma, literatura, música etc.

Manuel María e Xosé María Díaz Castro, dous homenaxeados polas Letras Galegas recentemente, foron dados a coñe-

cer a través de Xermolos e das asociacións tamén lideradas por vostede “Fundación Manuel María” e “AS XM Díaz Castro”. Como se encontran os camiños destes dous poetas co de Xermolos?

Para min a poesía e as artes son un xeito de coñecemento que axuda a afondar nos misterios da vida, e son un estímulo para soñar e construír un mundo mellor, máis solidario, xa que as artes e o amor son as raíces da utopía. Manuel María é a fonte para calquera ciencia que trate sobre a Terra Chá. Non a inventou pero interpretouna e púxoala no mapa. Díaz Castro non é amigo dos topónimos pero expresa a paisaxe do seu berce coa maior beleza. Os dous son uns xigantes das nosas letras, e dediquei tempo a contaxiar á xente das súas obras e bonhomía. Xermolos atopou neles dous guieiros e segue bebendo da súa entrega a Galiza.





Tamén axudou a dar a coñecer o labor artístico ou cultural doutros moitos creadores locais. É o fomento da creatividade local a saída que ofrece a asociación á cultura consumista e á cultura "estándar" da globalización?

Para Xermolos a estética é un xeito de vivir a realidade dende a transparencia e autenticidade das e dos creadores totais, afastados da retórica oficial dos poderes, emporiso queremos ser a canle de espallamento e contaxio das artes locais, comezando pola Terra Chá, e abertos a todas as culturas. Non sucumbir na globalización obriga a coñecer as raíces de cadaquén para aprender a valorar outras tribos e culturas nas nosas viaxes polas novas tecnoloxías.

Sempre di que para vostede a cultura "non é esa cultura subvencionada que chove dende arriba"...

Tal como están funcionando os poderes, as subvencións non son neutrais, buscan unha correspondencia interesada para satisfacer os caprichos dos poderes, crean un clientelismo. A política partidista, en xeral, non sabe valorar a liberdade e pluralidade da sociedade civil. Xermolos non funciona ao amparo delas. Agora mesmo queremos recuperar a casa de Díaz Cas-

tro e convertela nunha "Casa da Xente", para o que dependemos da xenerosidade do pobo, queremos erguela con esas "pedras vivas" que son as achegas da xente, algunhas anónimas e outras con sobrenome, sempre de abaixo a arriba.

Visto dende o terreo concreto no que se move, cal é a perspectiva da lingua?

A nosa lingua está ameazada pola ignominia das institucións que queren impor a uniformidade, que descoñecen que a diversidade é o mellor agasallo da vida dende a natureza ata a cultura. Móvome entre a mocidade e láioime de que os adultos esteamos privando ás crianzas da maxia da nosa fala, a única capaz de transmitir con emoción as fibras do noso ser e facer como pobo. As linguas son o froito do xeito de ser de cada pobo, da alma e memoria de cada paisaxe.

Xermolos é unha asociación para o desenvolvemento rural multidimensional, con contribucións á arte, á recuperación do patrimonio, ao ocio, ao ensino, ao asociacionismo xuvenil, á publicación e difusión da cultura local, ás actividades deportivas... Como lle presentaría a asociación a alguén que só a coñeza polo festival de Pardiñas?

Que o éxito do Festival non se improvisa, é o froito da actividade cotiá, como se dixésemos a festa de fin de curso, pero antes tivemos que traballar a tope en todos estes eidos. Temos que estar sempre cos ollos ben abertos, a ver onde temos que alumear aquel treito concreto, así nestes días que tanto Ingemarga coma o Balneario están en crise, Xermolos convocou a un debate público sobre estes recursos naturais que son as augas medicinais e a pedra do país, xuntando obreiras/os, representantes sindicais etc., animando ao pobo a defender a nosa riqueza natural e o traballo que produce.

A asociación rompe estereotipos sobre o individualismo e atraso do rural dando voz aos sen voz. Que estereotipos, medos e indefensións cre que quedan por romper aínda neste ámbito? Como cre que se poden abordar estes medos a través da educación?

Xermolos funciona grazas ao voluntariado, pero hai xente que non é consciente da súa valía, hai pouca autoestima. Partimos de que todas/os os que vimos ao Festival de Pardiñas somos creadores e que ese evento provoca a participación, dende as nenas/os ata as familias etc., hai tempos para todos. A educación debe partir da diversidade e saber descubrir e valorar os recursos e capacidades, dende ese dito popular de que "cada persoa é un mundo" e non marxinar a ninguén. Hai varias intelixencias e moitos ritmos de crecemento e a educación ten que acompañarnos na implicación de cada persoa na sociedade.

Que aspectos positivos cre que trouxo a asociación para os centros educativos da comarca cos que colabora en diversos proxectos?

Dar a coñecer o noso. Concretamente na Terra Chá afondando na obra das e dos nosos crea-

dores. Promovemos certames para que dende nenos/as cultiven as letras, o debuxo, a música, o audiovisual etc. Hai pouco estiveron algúns alumnos do IES Castro de Ribeiras de Lea falando con persoas maiores sobre a nosa fala relacionada coa flora. Tamén colaboramos co IES Díaz Castro de Guitiriz na visita de colexios de todo o país aos espazos do noso poeta. Ao Certame Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil do Festival de Pardiñas concorren centos de traballos e despois publicamos unha selección e facemos unha exposición cos debuxos

Vostede foi docente no IES Díaz Castro de Guitiriz, ademais de ser un estudoso da historia de Guitiriz e da Terra Chá, incluíndo a historia da escola e da educación na vila e na comarca. Que modelo de escola defende para Galicia?

Unha escola liberadora de medos, prexuízos, servilismos... Un ensino que parta da liberdade de cadaquén e canalice as enerxías da persoa no traballo comunal, no compromiso en grupo. Un ensino que arrinque do que é noso, das nosas raíces e den-

de aquí abrirse a todas as culturas sen complexos de inferioridade.

Como logra a asociación manterse viva durante tantos anos? Como se adapta a asociación aos cambios a nivel xeracional?

Para min que estou dende a súa orixe é algo complicado porque cada xeración ten os seus sinais de identidade. Procuramos estar á escoita dos cambios dos tempos e contar con todas e todos. Celebramos que sempre haxa alguén que se sinta motivado para achegar o seu sentido de beleza e igualdade dende a pertenza ao comunal, mesmo adestrándose no traballo en equipo.

A unión que mostrou Guitiriz a través da loita contra os bidóns tóxicos do "Casón" é un exemplo recordado e recoñecido dos resultados da asociación para o logro do "empoderamento" dun pobo. Que outras reivindicacións sociais liderou e lidera Xermolos? Como se consegue implicar e mobilizar unha comunidade nestas situacións?

No Casón facía falla un liderado e pensaron en nós como a voz da revolta e o elemento in-

tegrador das vontades de todo un pobo. A loita tamén cómpre xestionala, canalizala e coñecer os obxectivos e etapas do proceso. Tamén colaboramos nas protestas contra o peche de Sidedgasa en Teixeira, mesmo dando a coñecer as reivindicacións pola banda de sindicatos, políticos, obreiros etc. en dúas revistas dedicadas ao tema. Unha das nosas primeiras reivindicacións foi denunciar a Fenosa porque non estaba a dar o subministro eléctrico que cobraba no momento que estaban a renovarse as explotacións gandeiras nos 70. Con Auxilia loitamos por dar a coñecer os dereitos das persoas discapacitadas, concienciando as súas familias, e con Preescolar na Casa loitamos polo ensino e escolarización dos menores de 6 anos.

Acompañando o tempo presente, a vida de Xermolos continúa hoxe.■

PUBLICIDADE



Texas, séculos XIX-XX.

Unha rapaza.

O soño,
ser científica.

O reto,
rebelarse contra un destino predeterminado.

